**LATA de SAL**

Lata de Sal é unha editorial de álbum ilustrado especializada en dúas coleccións únicas: *Vintage* e *Gatos.*

**A partir de novembro de 2012, nas librerías de toda España**




# Amigos

Texto e ilustracións de **Michael Foreman**


**FORMATO** 24x28 cm

**PÁXINAS** 32

**ISBN** 978-84-940584-4-8 (galego)

**ISBN** 978-84-940584-3-1 (castelán)

**ISBN** 978-84-940584-5-5 (catalán)

**1.ª PUBLICACIÓN** 2012, Reino Unido

**PVP** 14,90 €

**INTERIORES** Papel estucado mate de 170 g

**ENCADERNADO** Cartoné ao cromo plastificado mate en papel estucado de 150 g sobre cartón de 2,5 mm

**TIPOGRAFÍA** Eames Century Modern

**PAPEL** Procedente de fontes responsables


ASÍ COMEZA




## Sinopse

***"Sonche afortunado. Son un gato. Podo ir e volver ao meu xeito, de aquí para acolá. Malpocado Burbulla. El é un peixe... atrapado no seu acuario".***

Tex é un gato que adora ir e vir ao seu xeito. O seu mellor amigo é Burbulla, un peixe de cores que vive nun acuario. Tex é o seu amigo de verdade e por iso quere axudalo a ser libre, coma el. Aínda que iso supoña non volver velo.

**Un libro sobre o valor da amizade.**



## O autor

**Michael Foreman** é un dos máis brillantes e prolíficos creadores do Reino Unido. Ilustrou uns **180 libros** e recibiu infinidade de premios (dúas veces o **Kate Greenaway Medal**, o galardón británico máis importante). Percorreu medio mundo seguindo a senda de Marco Polo para descubrir novas historias e plasmalas nos seus libros. ***Amigos* está dedicado ao seu gato Tex**, que o acompañaba a miúdo no asento de atrás do coche, "onde lle gustaba mirar pola ventaíña", di Foreman. Como destacou **Quentin Blake**: "Foreman ten o don de converter un libro nunha ocasión especial".

## Baseado nunha historia real de amizade

***Por que quedas enlatado con este libro?***

**01.** Porque te fai reflexionar sobre o que estarías disposto a facer polo teu mellor amigo

**02.** Porque o seu estilo é singular, coa combinación de acuarelas en tons pastel

**03.** Porque é un autor recoñecido e multipremiado, amante dos gatos e de todos os animais

**04.** Porque está inspirado na historia real entre Tex, o gato do autor, e o peixe de cores da súa sogra

**05.** Porque enxalza valores como a liberdade, o respecto, a alegría, a esperanza e a amizade

A **Colección Gatos** reúne por primeira vez os mellores libros ilustrados de gatos, unha especialidade única no mercado que deixará pegada. Libros de calquera parte do mundo con protagonistas enigmáticos, curiosos, independentes, elegantes... **Para miañar de emoción.**


www.latadesal.com
info@latadesal.com


*Libros para as túas 7 vidas*